



ANPA "A Barxa" do CEIP García Barbón
Serafín Avendaño, 20 36201 Vigo (Pontevedra)
660 175 215 / anpa.garcia.barbon@gmail.com
<http://anpagarciabarbon.org/>

ENTROIDO 2021 NO CEIP GARCÍA BARBÓN

CONCURSO DE DISFRACES

Queridas nenas e nenos e queridas familias do García Barbón, este ano para celebrar o Entroido a ANPA convidavos a participar nun concurso fotográfico de disfraces! So tedes que posar co voso traxe de entroido e enviarnos a foto a eventos@anpagarciabarbon.org. A comisión de festas da ANPA elixirá as fotos gañadoras. E se gañades, teredes un premio!

Lede atentamente as bases do concurso e animádevos a participar!

- Categorías

No concurso haberá tres categorías, unha en de infantil e dúas de primaria. Na categoría Infantil pode participar todo o alumnado dos cursos de 4º, 5º e 6º de infantil. Na categoría Primaria A pode participar o alumnado de 1º, 2º e 3º de primaria. Na categoría Primaria B pode participar o alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria.

- Premios

Haberá **un primeiro premio e dous segundos premio por cada categoría**. Todos os premios consistirán nuns vales para gastar na papelería Copyvan. No caso dos primeiros premios o importe do vale será de 20 euros e no caso dos segundos premios de 10 euros.

- Forma de envío

As fotos deben mandarse en formato dixital á dirección de correo electrónico indicada mais arriba. No nome do arquivo debes de incluir a categoría, o curso, o grupo, o nome e o apelido da persoa participante. Facédeo deste xeito: categoría_curso e grupo_apelido e nome. Por exemplo: primaria A_2B_machín antonio.

- Prazos

Debes de enviar as fotos entre o 12 e o 17 de febreiro. O venres 19 comunicaremos cales son as fotos gañadoras. A partir do luns 22 poderedes pasar a recoller os vales polo local da ANPA no seu horario habitual.

Lei de Protección de Datos

De conformidade co disposto no Regulamento Xeral (UE) 2016/679 de Protección de Datos, informámoslle que os datos proporcionados ao longo da prestación do servizo incorporaranse á actividade de tratamento de ANPA "A BARXA" C.E.I.P. GARCÍA BARBÓN con CIF número G36.782.373 y domicilio social en Serafín Avendaño, nº 20, 36,201, Vigo, provincia de Pontevedra. A finalidade de dito tratamento é prestarlle un óptimo servizo como cliente e o mantemento da relación comercial no seu caso establecida. De igual xeito, autorizan á publicación dos listados do alumnado admitido nas actividades, así como o envío de actualizacións dos servizos, polos medios tradicionais e vía electrónica, aos efectos da Lei 34/2002, de Servizos da Sociedade da Información e Comercio Electrónico, de información comercial acerca dos produtos e servizos ofrecidos pola organización. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade en calquera momento, por escrito, acompañado dunha copia dun documento oficial que o identifique dirixido ao enderezo anterior.